

# Phylloscopus trochilus (Linnaeus, 1758)

	picafollos musical
	mosquitero musical
	txio horia
	mosquiter de passa
	willow warbler
	felosa-musical



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	9 g
<b>Lonxitude</b>	10-12 cm
<b>Envergadura</b>	16-22 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Sylviidae	<i>Phylloscopus</i>

## ALIMENTACIÓN

Pequenos insectos e arañas; en outono tamén pequenas bagas (amoras, sabugueiro, etc.)

## COMPORTEMENTO

Este ave recorre as ramas das árbores a arbustos saltando ou con curtos voos para pasar dunhas a outras, que explora arriba e abaixo picoteando sen cesar. Constrúe o seu niño no chan, na base dun arbusto ou herbal, con forma case esférica e feito de herbas e musgos e forrado no seu interior con material fino.

## REPRODUCCIÓN

Celo de maio a xullo. Unha soa posta, de 3-9 ovos de cor branca e moteados que a femia incuba durante 12-14 días. Os polos poden voar aos 11-16 días e independízanse 12-16 días despois.

## HÁBITAT

Ámbitos forestais e de matogueira, zonas aclaradas de bosques e formacións arbustivas.

## DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuída por latitudes temperás, boreais e árticas de toda Europa e Asia. Aparece moi localizada no sur de Europa.

## CURIOSIDADES

Adoita verse en solitario, aínda que cando a migración é forte pode estar por todas partes, coincidindo varios exemplares no mesmo lugar.